

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8.<sup>a</sup>, PESCA E MARISQUEO**

Día: 14.02.2017      Hora: 10:30

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1 742 (10/PNC-000057)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Balseiro Orol, José Manuel e 5 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da creación dunha lista de referencia na que as embarcacións amosen con carácter previo o seu interese en participar nas distintas pescarías dentro do plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste.  
(Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*
- 1.2 783 (10/PNC-000063)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha mesa de negociación co sector para determinar os obxectivos que deben ter os fondos da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) destinados á pesca e acuicultura sostible  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 1.3 887 (10/PNC-000079)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central dun novo modelo de xestión da pescada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 1.4 2511 (10/PNC-000263)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Puy Fraga, Pedro e 5 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia e polo Consello Galego de Pesca dunha análise da situación dos caladoiros, das exixencias en materia de descartes pesqueiros ou da posibilidade de reforma normativa europea como consecuencia do Brexit, destinada ao incremento das posibilidades

(Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo)

de pesca

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016*

- 1.5        2871 (10/PNC-000287)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Sánchez García, Antón  
              Sobre as medidas de actuación da Xunta de Galicia ante distintas  
              institucións en relación co porto da Coruña  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017*
- 1.6        3304 (10/PNC-000327)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
              Sobre a execución polo Goberno galego das obras de ampliación e mellora  
              necesarias na lonxa da confraría de pescadores de Barallobre  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 1.7        3595 (10/PNC-000347)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores  
              Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación  
              cos problemas de contaminación e saneamento das rías, así como a súa  
              incidencia nas zonas de cultivo e extracción de bivalvos  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Francisco Casal Vidal

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 14.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 742(10/PNC-000057)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da creación dunha lista de referencia na que as embarcacións amosen con carácter previo o seu interese en participar nas distintas pescarías dentro do plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/11/2016 17:59**  
**Nº Rexistro: 742**  
Data envío: 04/11/2016 17:59:26.711

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Carlos E. López Crespo, M<sup>a</sup> Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos:

Máis dun cento de embarcacións con porto base en Galicia, entre elas palangreiros de superficie, algúns cerqueiros e flota de artes menores, participan cada ano na costeira do bonito.

Para facelo os interesados remiten á Administración española unha solicitude a fin de que esta elabore unha lista de aspirantes e a remita, unha vez pechada, á Unión Europea e ao ICCAT (Organismo internacional que xestiona e controla as pesqueirías de túnidos no Atlántico).

Este modelo resulta moi útil tanto para os profesionais que participan na costeira, como para as entidades encargadas de facer o seguimento e xestión da campaña que, na maioría das ocasións, son as propias federacións de confrarías.

Por todas estas razóns a creación dunha lista de referencia tamén pode ser beneficiosa noutras pesqueirías, como é o caso das que se desenvolven ao abeiro do plan de xestión do caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste.

En todo caso a inclusión nesta lista deberá ser opcional, de tal xeito que, os armadores das distintas embarcacións poidan amosar, coa súa solicitude, o interese en participar nesta campaña, pero sen vincular ou obrigar a formar parte efectiva nela unha vez que esta dea comezo.

Polo exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central co obxecto de que impulse a creación dunha lista de referencia, de

#### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/11/2016 17:59**  
**Nº Rexistro: 742**  
Data envío: 04/11/2016 17:59:26.711

xeito similar á que xa existe para a flota do bonito, na que as embarcacións amosen con carácter previo o seu interese en participar nas distintas pesqueirías dentro do plan de xestión do Caladoiro Nacional Cantábrico e Noroeste”

Santiago de Compostela 04 de novembro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 17:13:28**

**José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 17:13:46**

**José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 17:14:08**

**Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 17:14:23**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 17:14:34**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 17:14:40**

**Marta Rodríguez Arias na data 04/11/2016 17:14:48**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 783(10/PNC-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha mesa de negociación co sector para determinar os obxectivos que deben ter os fondos da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) destinados á pesca e acuicultura sostible

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, instando á Xunta de Galiza a establecer unha mesa de negociación có sector para determinar que obxectivos deben ter os fondos FEMP destinados a pesca e acuicultura sostible e rexeitar calquera investimento para a paralización definitiva en augas interiores.

Nos orzamentos de 2016 ían incluídos 18 millóns de euros para poder cumprir os compromisos do Goberno galego coa acuicultura intensiva en cuestións tan importantes como:

- Inversión produtivas en proxectos de acuicultura: 8.000.000 euros.
- Fomento de novas empresas acuícola: 2.000.000 euros.
- Para o asesoramento de explotacións acuícolas: 380.000 euros.
- Para reducir a cantidade de auga utilizada e os elementos contaminantes e químicos: 4.700.000 euros.
- Para asegurar as poboacións acuícolas: 800.000 euros
- Medidas de Saúde e benestar animal: 1.500.000 euros
- Para a reconversión dos sistemas de xestión e avaliación ambiental: 300.000 euros.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 10:41**  
**Nº Rexistro: 783**  
Data envío: 07/11/2016 10:41:06.080

Son todas elas medidas que quedaron no caixón despois de que o sector rexeitara contundentemente o anteproxecto de Lei de Acuicultura. E incluso a pregunta do BNG a titular de Mar chegou a afirmar que ditos investimentos non se levarían a cabo.

Días despois da eleccións galegas o DOG publicaba unha serie de ordes polas cal se destinaban uns 28 millóns de euros para o fomento da pesca e a acuicultura sustentable.

Entre elas é de destacar os 400.000 euros para paralización definitiva de embarcacións que traballen en augas interiores. As axudas para tripulantes de 300.000 euros cando queden sen actividade por paralización definitiva.

Ou as axudas de fomento de novas empresas que practiquen unha acuicultura sostible, os novos acuicultores que creen por primeira vez unha micro ou empresa acuícola no prazo dun mes e que non estean acumulando outras actividade económica en materia de acuicultura na data de presentación da solicitude. Para estes novos emprendedores existe un fondo de 2.000.000 de euros. Con uns requisitos: modelo formativo en actividades de cultivo de placton e cría de especies acuícolas, produción de alimento vivo, xestión de produción de engorde de especies acuícolas, etc claramente orientados a un sector determinado.

Aos que hai que sumar os servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura con 380.000 euros

Uns investimentos superlativos sen vinculación coa realidade do sector, sen alternativas de axudas as mariscadoras a pé de xeito que quedan novamente discriminadas con respecto ao marisqueo a flote na paralización da actividade. Sen comprometer axudas para ao igual que na acuicultura se poida ter unha cobertura por



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 10:41**  
**Nº Rexistro: 783**  
Data envío: 07/11/2016 10:41:06.080

mal tempo, compensacións por catástrofes naturais, por cambios repentinos na calidade e cantidade de augas ou por enfermidades. Axudas que non van no camiño de garantir a produción de semente propia ou para garantirlle un salario mínimo e unha maior profesionalidade se non que vai para implementar un modelo de acuicultura que o sector pesqueiro ten rexeitado contundentemente.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a súa tramitación na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha mesa de negociación có sector para determinar que obxectivos deben ter os fondos FEMP destinados a pesca e acuicultura sostible e rexeitar calquera investimento para a paralización definitiva en augas interiores.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luís Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luís Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 10:41  
Nº Rexistro: 783  
Data envío: 07/11/2016 10:41:06.080

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2016 10:40:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2016 10:40:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2016 10:40:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2016 10:40:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2016 10:40:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2016 10:40:53**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 887(10/PNC-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central dun novo modelo de xestión da pescada

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2016 11:10**  
**Nº Rexistro: 887**  
Data envío: 08/11/2016 11:10:51.140

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, instando a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno do estado un novo modelo de xestión da pesca que impida os peches improvisados, igualdade de condicións para as distintas flotas que faena no mesmo caladoiro, que protexa as zonas de cría e poña en valor a especie.

A pesca é a especie principal de determinadas artes no litoral de Galicia. Leva dende o ano 2005 con medidas de regulación. Xa daquela a UE publicaba o Regulamento nº 2166/2005 de medidas de recuperación da pesca sur. O seu obxectivo era: reconstituír as poboacións de pesca nos próximos 10 anos. Exercer o control das capturas e das descargas. Mellorar e delimitar a súa explotación,

Unha década despois podemos comprobar como este recurso segue sen estar recuperado e a actividade cada vez está menos regulada. No ano 2014 estableceuse un Tac de 10.409 ton. O ano pasado sufriu unha rebaixa do 15%. E este ano a caída é nada máis e nada menos que do 22% quedando en 6.946 ton. Iso si, mentres a nosa conselleira Quintana valora o enorme esforzo negociador do Ministerio pois a proposta inicial era de diminuír a 60,2%.

Isto fainos reflexionar sobre o modelo de xestión dunha pesquería estratéxica como a da pesca, das medidas que se veñen impondo dende a Comisión europea, da xestión realizada polo Magrama e a inactividade por parte da Xunta de Galiza, que é





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2016 11:10**  
**Nº Rexistro: 887**  
Data envío: 08/11/2016 11:10:51.140

incapaz de definir unha estratexia para conseguir o mantemento da actividade da nosa flota e blindar o emprego que xera.

O panorama é desolador: unhas cotas moi inferiores as que precisan para manter a actividade na volanta, desenvolvendo a pesca do arrastre en condicións discriminatorias con respecto a flota lusa, tanto nos dereitos de pesca como nos días de actividade, como das artes empregadas. Non se teñen valorado si funcionan as actuais zonas de veda ou si hai que modificalas para preservar a cría e os desoves. E ningunha medida se ten adoptado para mellorar a venda en lonxa e que as capturas alcancen mellores prezos

A isto temos que sumar este ano o peche para artes menores o 27 de agosto, onde o sector tivo que solicitar un adiantamento da cota para poder facer fronte a unha medida desproporcionada, levada a cabo con total improvisación que deixou ao pairo a unhas 400 embarcacións galegas. Este ano as artes menores contaron cunha cota inicial de 882 ton as que se lle sumaron unha parte das sobrantes do ano 2015 alcanzando as 1.000 ton. E pechouse sen ter en conta sequera a posibilidade de que se pode adiantar ata un 10% da cota do 2017 o que evidencia a lonxanía de quen nos goberna e os prexuízos que ditas medidas lle causan ao sector.

Dende Bruxelas fálasenos de que o stock está en boas condicións, alcanzando o RMS esquecendo as baixadas consecutivas dos últimos anos e cunhas previsións desoladoras. O CIEM recomenda para o próximo ano unha redución do 24,5% o que evidencia unha xestión calamitosa con un Goberno galego ausente, incapaz de desenvolver medidas alternativa para garantir a actividade, os ingresos e o mantemento do emprego con situacións discriminatorias e medidas de peche abusivas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2016 11:10**  
**Nº Rexistro: 887**

Data envío: 08/11/2016 11:10:51.140

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno do Estado un novo modelo de xestión da pescada que impida os peches improvisados, igualdade de condicións para as distintas flotas que faenan no mesmo caladoiro, que protexa as zonas de cría e poña en valor a especie.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2016 11:04:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2016 11:04:53**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2016 11:10  
Nº Rexistro: 887

Data envío: 08/11/2016 11:10:51.140

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2016 11:04:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2016 11:05:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2016 11:05:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2016 11:05:08**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 2511(10/PNC-000263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 5 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia e polo Consello Galego de Pesca dunha análise da situación dos caladoiros, das exixencias en materia de descartes pesqueiros ou da posibilidade de reforma normativa europea como consecuencia do Brexit, destinada ao incremento das posibilidades de pesca

*Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2016 16:30  
Nº Rexistro: 2511  
Data envío: 23/12/2016 15:49:51.716

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos E. López Crespo**, **Guadalupe Murillo Solis**, **Aurelio Núñez Centeno**, **Marián García Míguez** e **Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos

Un dos principais obxectivos que se persegue ano tras ano por parte da administración autonómica é o de ofrecer novas posibilidades de pesca para todas as flotas e profesionais do mar porque, aínda que esta non é unha decisión que dependa exclusivamente da vontade do Goberno galego, si é unha competencia dos responsables de pesca da Comunidade Autónoma desenvolver unha estratexia ante a Unión Europea que sexa o máis acaída posible para facer valer unha suba xeral das cotas de pesca, que permita a viabilidade e o futuro do sector.

Ao longo destes últimos anos xa se ten conseguido un avance significativo neste aspecto, ao incrementarse desde 2012 as posibilidades de pesca, o que indica que debemos continuar e afianzarnos nesta liña, fronte aos retrocesos experimentados en tempos nos que unha comunidade autónoma sen saída ao mar nos representaba no Consello de Ministros da Unión Europea á hora de decidir a asignación anual de cotas.

É imprescindible seguir avanzando na análise dos stocks pesqueiros no medio mariños xunto á posta en valor de todos os esforzos feitos ata o de agora por parte do noso sector para lograr unha mellorar, constatable e cientificamente admitida das principais especies de interese para a flota galega.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/12/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 2511**  
Data envío: 23/12/2016 15:49:51.716

Por tanto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar, en común co Consello Galego de Pesca, unha análise particularizada da situación dos caladoiros, das novas esixencias en materia de descartes pesqueiros ou da oportunidade que se abre para reformar a rixida normativa europea como consecuencia do Brexit, para verificar a posibilidade de incrementar as posibilidades de pesca á luz dos aumentos da biomasa das especies pesqueiras.”

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 15:42:24**

**Carlos Enrique López Crespo na data 23/12/2016 15:42:35**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 23/12/2016 15:42:47**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/12/2016 15:42:54**

**María Ángeles García Míguez na data 23/12/2016 15:43:03**

**Marta Rodríguez Arias na data 23/12/2016 15:43:11**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 2871(10/PNC-000287)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas de actuación da Xunta de Galicia ante distintas institucións en relación co porto da Coruña

*Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu vice-portavoz **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiro.- A evolución da xestión económico-financeira do porto da Coruña nos últimos anos evidencia unha regresión acelerada dos seus resultados, a elevada débeda e carga financeira e a incapacidade da xeración de recursos para re-equilibrar a situación e facer fronte aos vencementos nos próximos anos. Situación económico-financeira que verase agravada a partir do 2021 cando a Autoridade Portuaria comece a amortizar o préstamo dos 200 millóns de euros do préstamo de Portos do estado outorgado para o financiamento do porto exterior (e outras actuacións), e elo con independencia do novo programa de amortización de dita débeda aprobada a finais do ano pasado.

Desde que o Sr. Losada foi designado presidente da Autoridade Portuaria, o resultado de explotación pasou de 17,647 millóns de euros a so 1,128 millóns, o que, xunto a unha elevada carga financeira porcentual (derivada basicamente do custo de financiamento do porto exterior) determinou que desde o 2012 o porto da Coruña ten resultado neto negativo.





AUTORIDAD PORTUARIA CORUÑA	2016 (previsión)	2015	2014	2013	2012	2011	2010
Importe cifra de negocios	27.723.000,00	26.954.807,49	23.618.530,80	24.716.328,36	25.482.923,86	22.293.570,65	21.337.234,41
Resultado de Explotación	1.128.000,00	3.759.200,07	767.300,38	3.224.666,76	5.666.514,96	10.664.456,00	17.647.242,47
Resultado financeiro	-4.724.000,00	-4.927.312,50	-5.003.561,33	-3.942.474,38	-3.613.602,03	6.589.654,97	6.020.210,76
<b>RESULTADO EJERCIZO</b>	<b>-3.596.000,00</b>	<b>-1.168.112,43</b>	<b>-4.255.388,13</b>	<b>-722.049,99</b>	<b>2.052.912,93</b>	<b>17.254.110,97</b>	<b>23.667.453,23</b>
Débedas LP (pasivo non corrente)	108.865.000,00	115.343.016,81	122.521.974,04	128.405.856,38	132.184.301,55	132.757.208,36	130.684.348,34
Débedas LP con Portos Estado	200.000.000,00	179.783.640,60	169.775.268,98	169.767.280,65	169.759.489,39	169.752.617,68	0,00
TOTAL PASIVO NON CORRIENTE (LP)	308.865.000,00	295.145.738,58	292.297.243,02	298.365.119,57	304.661.363,48	304.492.980,71	145.261.491,93
Débedas CP (pasivo corrente)	12.878.000,00	15.504.088,84	9.224.163,99	9.117.381,22	5.144.464,34	13.865.239,12	69.441.522,65
Débedas CP con Portos Estado	0,00	200.000,00	14.352,77	0,00	4.690.103,10	57.695,07	81.857,95
TOTAL PASIVO CORRIENTE (CP)	16.093.000,00	20.263.386,61	12.117.069,30	15.509.181,35	13.666.581,33	21.780.898,55	90.129.385,55
<b>TOTAL PASIVO ESIXIBLE (débeda tota)</b>	<b>324.958.000,00</b>	<b>315.409.125,19</b>	<b>304.414.312,32</b>	<b>313.874.300,92</b>	<b>318.327.944,81</b>	<b>326.273.879,26</b>	<b>235.390.877,48</b>
Fonte : Anos 2010-2015 : Contas Anuais aprobadas							
Ano 2016 : previsión aprobada Consello Administración 22/12/2016							

Segundo.- O consello de administración da Autoridade Portuaria de A Coruña aprobaba en outubro de 2012 a concesión de 30.000 m2 presentada por Pemex para instalar unha terminal de graneis líquidos no Porto exterior. Mesmo a tal consello asistía, con grande relevancia mediática, o presidente da Xunta, Sr. Feijóo, quen, xunto ao Sr. Losada comparecían para dar conta propagandística de tal relevante e notoria concesión, á que o propio Sr. Losada precisaba datas de execución concretas : comezo das obras para mediados do 2013 e comezo operativo das instalacións a finais de 2014 ou comezos de 2015.

A fachenda propagandística de tal acto foi directamente proporcional ao seu fracaso. Pemex xa ten anunciado a súa renuncia a dita concesión e a realidade do porto exterior é unha previsión real de ocupación que dista moito tanto da propaganda da parella Losada-Feijóo como dos propios plans de empresa aprobados polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria. Plans de empresa convertidos mais en soños hipotéticos que en expectativas de futuro reais e razoables.

E a realidade é que na actualidade so está ocupado o 10% de superficie do porto exterior e, de acordo co propio plan de empresa 2107 aprobado, no 2022 so estaría ocupado algo mais da metade de dita superficie.



A realidade dun evidente fracaso de xestión da Autoridade Portuaria e da súa presidencia, que non pode ampararse en causas externas ou en situacións de coxuntura, cando ditos datos de ocupación (os actuais e os previstos) poñen de manifesto as eivas dunha xestión portuaria que foi acompañada da persistencia das eivas do propio porto exterior (atrasos na execución das conexións terrestres e ferroviarias), xa expresadas en informes da propia Unión Europea.

Terceiro.- E ante tal panorama, a gran aposta da Autoridade Portuaria, e teimosamente pretendida pola súa presidencia, é a enaxenación privada dos terreos portuarios a desafectar (peiraos de Batería/Calvo Sotelo) ou daqueles que xa foron desafectados no 2000 e que teñen a condición de patrimoniais (parcelas do Hotel Finisterre e a Solaina), procedentes de recheos gañados ao mar e da propia desaparición de praias urbanas.

Enaxenacións que ademais de supoñer a privatización de solo público (terreos gañados ao mar nun caso, antigos bens comunais da cidade, noutro) pretenden alterar o ben máis prezado da cidade da Coruña, a súa fachada marítima e borde litoral, ao contemplarse no PXOM unha ordenación urbanística (conveniada no 2004) que proxecta mamotretos de ata 9 plantas de uso terciario e hoteleiro nos peiraos a desafectar do actual dominio público portuario.

Enaxenacións que, por riba, tampouco darían solución á actual situación estrutural de débeda do porto da Coruña e ao reequilibro das contas. Unhas contas que deben reaxustarse pola acción combinada de plans de ocupación do porto exterior e do propio volume de tráfico portuario e servizos portuarios anexos e complementarios, pola renegociación e refinanciamento da débeda (tanto da existente coas entidades financeiras como, en especial da dos 200 millóns con portos do Estado) e pola asunción polo Estado (a través dos fondos portuarios ou doutras medidas extraordinarias que poidan acordarse) dunha parte



significativa de dita débeda, na medida en que o porto exterior foi unha actuación acordada, programada e decidida polo Estado e o seu sector público estatal.

E dita actuación económico-financeira de refinanciamento da débeda demanda tamén a revisión do actual Convenio de Normalización Financeira.

Pola contra, a desafectación dos peiraos de Calvo Sotelo-Batería e San Diego supoñen unha oportunidade para a reordenación territorial e urbanística de dita superficie e da propia fachada marítima da Coruña e o seu destino a unha finalidade pública (equipamentos públicos dotacionais, espazos libres e zonas verdes). Obxectivo de interese público dotacional contrario ao que se pretende pola Autoridade Portuaria, que non é outro que a venda a promotores privados para a urbanización dos terreos con destino maioritario a vivendas e usos terciarios-comerciais.

Persistir na venda de terreos actualmente portuarios para financiar a débeda xerada do porto exterior sería seguir ancorados nas hipóteses e situación do 2004, cando daquela prevíase que os ingresos obtidos financiarían un terzo do custo do porto exterior. Hipótese de financiamento que mantela na actualidade suporía un desatino, agravado polo feito de que pretende executarse a custo da fachada marítima da Coruña e do venta de solo público, gañado ao mar ou que historicamente formaba parte da propiedade comunal do pobo da Coruña.

Cuarto.- A actuación dun presidente dun consello de administración dun ente público, que, incumprindo o propio acordo do Consello de administración que el preside (acordo de 30/06/2016, de suspensión do procedemento de enaxenación dos terreos do Finisterre/Solaina), negocia e convenia en segredo (actuacións non publicitadas nin dadas a coñecer ao propio Consello) cunha das partes interesadas (a actual concesionaria, Inmobiliaria Río Mero S.A) e mesmo pactando o prezo da participación na poxa, e con independencia das responsabilidades persoais nas



que puido ter incorrido, é merecente do seu cese, o cal xa este Grupo Parlamentar ten demandando noutra iniciativa parlamentaria. Cese, por outra banda, que estaría máis que xustificado pola súa xestión global na Autoridade Portuaria da Coruña.

O Concello da Coruña deu oportuno cumprimento (e por dúas veces) ao acordo de 30 de xuño, presentando en tempo e forma a súa solicitude-proposta de adquisición directa da parcela dos terreos da Solaina, e polo prezo oficial de taxación (prezo acordado tamén polo propio Consello de Administración).

Quebrar e violentar os propios acordos dos consello de administración, amais dunha manifesta desviación de poder, e causa de ilegalidade de tales acordos (por moito que poidan contar con informes parciais favorables), evidencia unha persistente actuación da presidencia da autoridade portuaria contraria ao interese público da cidade da Coruña e ao propio interese xeral portuario. Un interese público portuario que, como toda entidade do sector público debe someterse nas súas actuacións ao supremo interese xeral e ao de legalidade, que deben prevalecer sempre sobre os económicos derivados da obtención dunha anunciada poxa viciada de nulidade absoluta no plano xurídico e de inxustiza no plano político e social.

Recuperar o diálogo e a cooperación institucional, a prol do interese xeral e da cidade da Coruña, preservando a integridade do dominio público e da súa posta en valor, evitando a afectación negativa á fachada marítima e o borde litoral, deben ser os eixos básicos nos que se asentén as actuacións públicas respecto da futura ordenación dos terreos portuarios, da súa cualificación e usos públicos.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



- 1.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado a que, de procederse á desafectación de terreos da zona de servizo do Porto da Coruña (peiraos de Batería/Calvo Sotelo), e de conformidade co previsto no RDL 2/2001, de Texto refundido da Lei de Portos e Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, sexan cedidos gratuitamente ao Concello da Coruña, con destino aos fins de utilidade pública e interese social de equipamentos dotacionais, espazos libres e zonas verdes, públicos.
- 2.- Instar á Autoridade Portuaria da Coruña a que en relación coa enaxenación dos terreos da Solaina, e de conformidade co acordado no Consello de Administración de 30 de xuño de 2016, dea cumprimento e execución a dito acordo e, en consecuencia, acepte a solicitude de adxudicación directa da parcela presentada polo Concello, e sometendo ao Consello de Administración o acordo de incoación e desenvolvemento do expediente de enaxenación por adxudicación directa a favor do Concello da Coruña.
3. Instar á Autoridade Portuaria a realizar as actuacións precisas para dar cumprido efecto ao acordo e compromiso de cesión da superficie dos terreos dos xardíns e viario da Mariña ao Concello da Coruña, de acordo co demandado polo concello da Coruña.
4. Instar ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado, así como á Autoridade Portuaria de A Coruña, a que, concorrendo causas de nulidade de pleno dereito, revise de oficio e deixe sen efecto o acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña do pasado 22 de decembro (reanudación da poxa dos terreos da Solaina) así como os acordos e convenios concertados pola presidencia da Autoridade Portuaria coa entidade Inmobiliaria Rio Mero S.A durante o ámbito temporal de suspensión do procedemento de enaxenación.



5. Instar ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado á apertura dun expediente de investigación e fiscalización da xestión da presidencia da Autoridade Portuaria de A Coruña, así como, no seu caso, ao exercicio das medidas legais que correspondan nos distintos ámbitos administrativos e xurisdiccionais, en relación co seguinte :

a) Negociacións e posterior acordo coa inmobiliaria Rio Mero S.A, desenvoltos durante o ámbito temporal durante o cal estaba en suspenso o procedemento de enaxenación, violando o acordo do Consello de Administración do 30 de xuño de 2016.

b) Xestión económico-financeira da Autoridade Portuaria da Coruña.

c) Avaliación do cumprimento de obxectivos de xestión e resultados da Autoridade Portuaria da Coruña en relación co porto exterior de Punta Langosteira e a súa ocupación.

6.- Instar da Xunta de Galicia ao cese de D. Enrique Losada Rodríguez como Presidente da Autoridade Portuaria da Coruña pola súa actitude en contra da interese público da cidade da Coruña, así como pola súa xestión no cargo de Presidente de dita Autoridade Portuaria.

7.- Instar ao Ministerio de Fomento a convocar de inmediato a Comisión de Seguimento prevista no convenio asinado polas administracións o 2 de febreiro de 2004 para a reordenación dos terreos portuarios, e co obxectivo de revisión do mesmo e das súas condicións de ordenación, ao efecto de garantir tanto o uso e dominio público dos terreos a desafectar como o seu destino aos usos sinalados no apartado 1 deste acordo, así como o de asegurar novas condicións de financiamento do porto exterior.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2017 12:12**  
**Nº Rexistro: 2871**  
Data envío: 03/01/2017 12:12:25.029



8.- Instar ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado á modificación das condicións de financiamento do Porto Exterior, a concretar nun novo Convenio de Normalización Financeira e o seu posterior traslado ao Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, incluíndo o refinanciamento da débeda e a necesaria asunción por fondos estatais e portuarios de financiamento das obras do porto exterior e das súas conexións.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 03/01/2017 12:11:15**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 3304(10/PNC-000327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a execución polo Goberno galego das obras de ampliación e mellora necesarias na lonxa da confraría de pescadores de Barallobre

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*





Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 8ª.

A confraría de Barallobre vén demandando de hai tempo unha ampliación e mellora da lonxa dado que se quedou pequena ante a intensa actividade que se está a desenvolver nela, agora mesmo contabilízanse 160 mariscadoras e mariscadores que traen a diario o produto do seu traballo do mar e teñen que xestionalo dentro dun espazo en precarias condicións, no que non se poden realizar subhastas por falta de espazo.

Outras carencias importantes son a falta de vestiarios que fai que o persoal mariscador se teña que mudar de roupa na rúa, a falta de mantemento que se deixa ver nos aseos, nas duchas e na cuberta pola que se filtra auga que discorre ao longo da parede e que pon en perigo a instalación eléctrica co conseguinte risco para o persoal traballador e os usuarios.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo as obras necesarias na lonxa da confraría de Barallobre que garantan o traballo dos mariscadores e mariscadoras en condicións de dignidade e seguridade.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 13/01/2017 13:32:00**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/01/2017 13:32:15**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:34**  
**Nº Rexistro: 3304**



Data envío: 13/01/2017 13:34:12.331



---

**Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 13/01/2017 13:32:29**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 14.02.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 3595(10/PNC-000347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas de contaminación e saneamento das rías, así como a súa incidencia nas zonas de cultivo e extracción de bivalvos

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito deste, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra deste, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento, como por exemplo os 11 millóns de euros que no propio 2013 prometeu o entón conselleiro de Medio Ambiente Agustín Hernández para a ría de Arousa, e do que non existiu ningunha nova posterior.



Mentres tanto, o sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade durante o ano froito dos problemas xerados por esta contaminación, como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio sector que apuntan a un descenso de especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un plan de rexeneración das rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existente.
2. Iniciar os procesos de negociación necesarios coa UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde en mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo.
3. Realizar un informe anual específico sobre os niveis de contaminación das rías galegas, que sexa debatido na Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 3595**  
Data envío: 17/01/2017 17:35:12.942



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2017 17:26:55**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2017 17:27:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 17:27:06**